



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Carballo González, Ángeles
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Hernández Martín, Primo
Fernández Iglesias, Manuel José
Ledo Fernández, Juan
Ríos Santomé, M^a. José
Sánchez Gálvez, Estevo
Valderrama Santomé, Mónica
Valeije Álvarez, Inmaculada
DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 2 de novembro de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O mércores, día **2 de novembro de 2011**, ás 10:00 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 15 de decembro de 2010.
2. Interpretación do artigo 18 do Regulamento de constitución de departamentos.
3. Aprobación, se procede, do procedemento para a elección de representantes do PDI non doutor a tempo parcial, Investigadores en formación e do PAS nos consellos de departamento.
4. Aprobación, se procede, do procedemento para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento.
5. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación provisional e definitiva de candidaturas.
6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación provisional e definitiva de candidatos electos.
7. Rogos e preguntás.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 15 de decembro de 2010.

Intervén a Sra. María José Ríos para facer constar que o seu nome non está recollido na lista de asistentes. A continuación a Prfa. Mónica Valderrama comenta que no punto 4 da orde do día o seu nome está incorrecto, pois na acta aparece reflectida como Monserrat.

Apróbanse por asentimento as modificacións.

Punto 2. Interpretación do artigo 18 do Regulamento de constitución de departamentos.

O presidente da Comisión Electoral toma a palabra para dar lectura ao art. 18 do Regulamento de constitución de departamentos, o cal regula o proceso de elección do director do departamento. Sinala que, no mesmo artigo, contéplase a situación na que hai un único candidato (maioría absoluta dos presentes) coma se hai dous ou máis (maioría absoluta e máis

votos positivos que negativos). Neste último caso establece que se ningún dos candidatos alcanzan a maioría absoluta procédese a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, producíndose o desempate por votos positivos alcanzados. Pero igualmente, e isto é o que introduce un grao de confusión, requírese o requisito mínimo de representatividade da maioría absoluta dos presentes para ser elixido director. En caso de non alcanzarse, convocaranse novamente eleccións nun prazo de tres meses. O presidente da Comisión Electoral diríxese aos membros da Comisión para preguntar se hai dúbidas.

Intervén a Sra. María José Ríos para preguntar que quere dicir o termo “presentes” e como se proba. Contéstaselle que se determina polas firmas da correspondente lista de asistentes.

Logo dun pequeno debate entre os asistentes, acórdase aprobar a seguinte interpretación do art. 18 que será posta en coñecemento da comunidade universitaria:

Primeiro: o artigo 18 regula a elección de Directores e Directoras de departamento, tanto haxa unha ou varias candidaturas.

Segundo: no suposto de que soamente haxa unha candidatura, deberá acadar a maioría absoluta dos presentes.

Terceiro: no suposto de que houbese máis dunha candidatura, será elixida aquela que acade a maioría absoluta dos presentes e máis votos positivos que negativos.

Cuarto: no suposto de que ningunha candidatura cumprise os requisitos establecidos no apartado anterior, procederase a unha nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas, sendo elixida a candidatura que obteña a maioría absoluta dos presentes e máis votos positivos que negativos. Se neste último procedemento ningunha candidatura alcanzase a maioría absoluta dos presentes, deberanse convocar eleccións nun prazo máximo de 3 meses.

Punto 3. Aprobación, se procede, do procedemento para a elección de representantes do PDI non doutor a tempo parcial, Investigadores en formación e do PAS nos consellos de departamento.

O presidente cede a palabra á Sra. Ángeles Carballo que procede a expor que proximamente se celebrán eleccións ao Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, e que é preciso reformar o regulamento para corrixir erratas e actualizalo conforme ás prescricións da Lei de igualdade, que xa foron incorporadas ao Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.

Sinala, que a reforma máis destacable foi a suxestión da Unidade de Igualdade, introducida na redacción do art. 6.7. Fai referencia a que, no caso de que dous ou máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos, darase preferencia, para a proclamación como candidata ou candidato electo, á candidatura de xénero menos representado no sector correspondente. Se este procedemento non resolve o empate, terá preferencia a candidatura de maior antigüidade no sector correspondente na Universidade de Vigo, computándose para estes efectos os anos de servizo na o Universidade de Santiago de Compostela antes da

segregación. No caso de igualdade, será proclamada a persoa de maior idade. Solicita habilitación para facer esta inclusión no regulamento.

Intervén á Sra. María José Ríos para sinalar que no caso de que persoal de administración e servizos preste servizo en dous departamentos, ao estar obrigado a decidir cal é o departamento no que desexa participar na votación, o departamento non elixido podería quedar sen representación do PAS.

Apróbase por asentimento

Punto 4. Aprobación, se procede, do procedemento para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento.

O presidente cede a palabra á Sra. Ángeles Carballo, quen expón que as razóns da reforma están xustificadas pola adecuación da normativa ás esixencias da Lei de igualdade.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación provisional e definitiva de candidaturas.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación provisional e definitiva de candidatos electos.


Apróbase por asentimento.

Punto 7. Rogos e preguntas.

Intervén a Sra. María José Ríos para preguntar onde se publican os censos. Fáiselle a aclaración de que será na sede do departamento.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:25 horas do día 2 de novembro de dous mil once da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez